

RESOLUCIÓN DO 13 DE MARZO DE 2017 POLA QUE SE REALIZA A CONVOCATORIA PARA A AVALIACIÓN DE CURRÍCULOS DOS BENEFICIARIOS DO PROGRAMA RAMÓN E CAJAL QUE REMATAN O PROGRAMA NO MES DE XUÑO DE 2017

Para dar cumprimento ao acordo do Consello de Goberno extraordinario do 23 de marzo de 2012 no que se establece que a “*Agencia Nacional de Evaluación y Prospectiva (ANEP)*”, empregando os criterios do programa I3, avalíe aos beneficiarios do programa Ramón e Cajal que rematan o *programa no mes de xuño de 2017*.

CONVOCATORIA

1.- Obxecto

O obxecto desta convocatoria é establecer, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, a avaliación dos currículos dos beneficiarios do programa Ramón e Cajal, que rematan o programa no mes de xuño de 2017, co fin da creación de prazas de PDI que faciliten a súa estabilización, de acordo cos procedementos establecidos, e coa normativa vixente no momento da súa creación.

2.- Requisitos e solicitudes

2.1.- Para poder participar nesta convocatoria os solicitantes deberán rematar o contrato como investigador *Ramón e Cajal* no mes de xuño de 2017 e estar avaliados positivamente no cumprimento dos requisitos de calidade de produción e actividade científica-tecnolóxica do programa correspondente, e contar con acreditación para algunha das figuras estables de PDI. Ademais, non poderán ter sido sancionados mediante expediente disciplinario na USC, nin condenados por sentenza xudicial no ámbito penal por delitos e faltas relacionados coa súa actividade profesional ou con violencia de xénero, nin resultar responsables de axuízamento contable.

2.2.- As solicitudes para participar nesta convocatoria, xunto co *currículo vitae normalizado (CVN)/FECYT*, que poden atopar no enderezo electrónico <http://imaisd.usc.es/guiaconvocatorias.asp?i=gl&s=-2-26-31-54&id=3056&t=10&st=0>, deberán presentarse **antes do día 27 de marzo de 2017**. Esta resolución publicarase no rexistro xeral da USC, situado na Reitoría da USC (Colexio de San Xerome. Praza do Obradoiro s/n, Santiago de Compostela); no rexistro do Campus de Lugo, situado no edificio de Servizos Administrativos e Biblioteca Intercentros (avenida de Bernardino Pardo Ouro s/n, Polígono Fingoi, Lugo); ou nas restantes formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A presentación de solicitudes deberán axustarse as seguintes normas:

- a) A documentación presentarse en soporte papel e en soporte dixital (CD, formato .pdf).
- b) Os *currículo vitae normalizado (CVN)/FECYT* presentaranse en castelán e inglés.
- c) Poderán alegarse como méritos as contribucións aceptadas para a súa publicación. Neste caso deberase achegar unha xustificación da súa aceptación (copia en formato papel e en soporte dixital).

3.- Avaliación de currículos

De acordo coas “Medidas de actuación para os distintos colectivos do PDI” <http://imaisd.usc.es/ftp/oit/eventos/medidasactuacionparaosdistintoscolectivospdi.pdf>

aprobadas no consello de goberno extraordinario do 23 de marzo de 2012, os currículos dos investigadores que participen nesta convocatoria serán avaliados pola “Agencia Nacional de Evaluación y Prospectiva” (ANEP), empregando os criterios de avaliación propios da convocatoria do programa de Incentivación da Incorporación e Intensificación da Actividade Investigadora (Programa I3, Resolución do 20 de xullo de 2005, BOE 26-08-2005), conforme ao indicado no apartado vixésimoterceiro, punto catro, da resolución de 8 de Febreiro de 2007 da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, incluíndo a valoración numérica de cada un dos avaliados, segundo a escala de puntuación que para este fin foi establecida pola USC no acordo do Consello de Goberno de 23 de marzo de 2012.

4.- Resultado da avaliación

A ANEP procederá a realizar a avaliación e remitirá o resultado indicando o nivel acadado e a puntuación obtida por cada solicitante. O resultado da avaliación será comunicado aos solicitantes que terán un prazo de 10 días hábiles para a consulta de documentación e posibles alegacións.

5.-Norma derradeira

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativo, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.


Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

O reitor

Juan M. Viaño Rey

(Por delegación, Resolución Reitoral de 02/03/2017)

A Vicerreitora de Investigación e Innovación



Fdo: Isabel Rodríguez-Moldes Rey